**Opinións recollidas no blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008**

1. O libro componse de dezasete relatos nos cales se narra a historia dun rapaz chamado Antón, o cal vive nas casas baratas do seu pobo. Este narra as súas vivencias da xuventude, os feitos que marcaran a súa vida para sempre; como o relato no que Antòn gaña moito diñeiro pagando ... O libro gustoume moito porque é moi sinxelo de ler e o seu léxico é moi doado de entender. E tamén porque moito dos seus relatos nárranse cun ton moi divertido. En cambio todos os relatos non son moi divertidos xa que rematan cun final tráxico, como o relato no que un amigo de Antón

2. Este libro gustoume moito, como o libro se compón de pequenos relatos, non se fai moi pesado e polo tanto, é entretido. Neste libro, o protagonista, Antón Riveiro, cóntanos sucesos da súa infancia e da súa adolescencia, na súa maioría están relacionados tamén cos veciños das casas baratas. Algúns relatos son moi divertidos, ex:"As cinsas do señor Medardo", nel Antón comeu ... ; "A ollada de Miguel", nel cóntanos que ten un primo moi guapo, pero que ten o gusto un pouco raro, … etc. Despois de ler este libro, entendín que debemos apreciar máis á xente que está no noso arredor porque o tempo pasa e a xente vaise, e cando somos xa uns velliños, só nos quedarán os recordos, nada vai ocorrer outra vez e a xente que tanto queremos tampouco volverá. A vida de cada persoa é unha historia distinta, polo tanto, debemos 'escribir' a nosa propia historia o máis bonita que poidamos. ((**Shuquing Yang**)

3. Este libro de relatos narra a infancia de Antón, un rapaz de Xinzo de Limia. Comprende varios temas como o a aventura, o amor, o sexo, a tenrura ... todos eles cunha relación coa vida galega que este viviu nos anos 70. Está moi ben escrito e moi traballado, cun estilo moi sinxelo e cuns textos e diálogos que parecen sacados da realidade. Polo tanto, resulta moi fácil a súa lectura. "Casas Baratas" achéganos máis a realidade e fan sentir ao lector o paso do tempo como unha experiencia que dá sentido ás cousas vividas. (**Amalia**)

4. De todos os relatos que integran a historia do rapaz protagonista, coido que me gustaron (e con gran diferenza) os últimos. A totalidade conta a súa nenez e xuventude, co escenario de fondo das Casas baratas, o seu barrio. Dende unha ollada (de primeiras) un tanto infantil, e finalmente madura e xuizosa, ensínanos páxina a páxina por medio de diferentes historias e anécdotas o que pode chamarse o guión do comezo da súa vida. Mesturando a realidade coa fantasía e imaxinación dos cativos, achéganos á sociedade (as veces crúa e as veces doce) do seu tempo. O relato que máis me gustou atopase cara o final, cun protagonista un pouco máis maior, cando para gastar unha broma polo día dos santos inocentes á súa avoa, a familia inventa ... Resultoume un libro sinxelo de ler, aínda que non se trata dun dos que máis me apaixonaran dos que levo lido ata agora para a materia. (**Xulia**)

5. O libro "Casas baratas" é unha mestura de humor e nostalxia por parte do autor, Riveiro Coello, que nos traslada ao seu Xinzo de Limia natal para mostrarnos as vivencias dun rapaz que emigra coa súa familia dende o campo para se trasladar á cidade, onde experimentará todo tipo de acontecementos, moitos dos cales marcarán para sempre o transcorrer da súa vida. O protagonista e narrador é o rapaz, chamado Antón, que, na súa madurez, nos vai relatando as historias da súa nenez, mediante unha certa orde cronolóxica, pois comeza contando a vida do cárcere, antes de se mudar ás casas, até chegar ao final, nos derradeiros capítulos, á idade de quince anos, cando viaxa a Madrid clandestinamente con "Míster López" a ver o concerto do seu grupo de rock favorito. O relato que máis me gustou foi precisamente ese, pois enfía unha auténtica aventura na que cada parágrafo amosa as cousas máis sorprendentes, unha tras doutra. As sensacións dun concerto incríbel no Vicente Calderón, o pase ao interior do hotel dos músicos, a rolda de prensa, a invitación á sala na que estaban os compoñentes do grupo, os discos firmados..., todo resumido nunha frase: "Míster lópez and friend". Tamén me gustou moito a historia do "Suspenso en matemáticas", na que Antón emprega todo o seu enxeño e a súa imaxinación para facerlle ao seu pai ... En resumo, o libro está bastante ben e non me arrepinto de telo lido xa que me gustan moito os libros de relatos e, sobre todo, os que teñen capítulos nos que a aventura e o humor teñen un protagonismo especial. (**Eduardo**)

*6. Casas baratas* é unha obra de Antón Riveiro Coello. Conta a vida de Antonio dende que vai cos seus pais vivir ás Casas baratas con dous anos. O libro ten un vocabulario sinxelo e é de fácil comprensión, aínda que é un pouco extenso. Cando más me gusta a historia é cando Antonio xa é mozo. A pesar diso, caeume en graza o pintor que ía pintando portas no cárcere e no manicomio para que se sentisen libres. Tamén, me deu moita mágoa cando morre o neno atropelado, sobre todo polo comportamento que ten o pai cos fillos, facéndoos quedar mal diante da xente e ridiculizándoos e castigándoos na rúa. En conclusión, está bastante ben o libro e é doado de ler e comprender, polo que eu llo recomendo a calquera. (**Sara**)

7. O libro *Casas baratas* escrito por Antón Riveiro Coello consta de dezasete relatos nos que un rapaz chamado Antón relata a súa vida. Antón conta as súas vivencias dende ben neno, cando se traslada ás Casas Baratas ata a súa adolescencia. Algúns dos relatos teñen un final tráxico pero outros son divertidos, como por exemplo, o de ' As cinsas

do señor Medardo'. Persoalmente resultoume un libro moi sinxelo de ler debido a que non ten un vocabulario difícil de entender, e recoméndollo a calquera que o lea. (**Lucía**)

8. Gústame, é unha mestura de libro de relatos curtos e novela e iso o fai moi sinxelo de ler, o que máis me gustou foi o capitulo no que o pai do protagonista participa nunha película (**Gloria**)

9. O libro "Casas baratas" de Antón Riveiro Coello cóntanos as historias que lle ocorren a un rapaz chamado Antón na parte do pobo no que el vive, chamada casas baratas. O rapaz recorda e narra as historias que viviu alí dende que chegou con dous anos ata que xa é un adolescente. Estas historias marcan a súa vida para sempre, tanto as boas como as más. Entre todos os relatos do libro, se tivese que escoller un, sería o da broma á súa avoa polo día dos inocentes, facéndolle crer que ... Recomendo este libro a calquera que queira pasar un bo rato, porque á vez de ser entretido, ten un vocabulario sinxelo e fácil de comprender. (**Paula**)

10. O libro abrangue dezasete capítulos nos que se sucede unha evolución cronolóxica dos feitos, dende a infancia até a adolescencia. O protagonista é Antón, un rapaz cunha memoria allea a calquear outro neno, xa que recorda con certa facilidade a vida cando era un cativo. Un lector pode identificar, por exemplo no meu caso, que a obra é en parte a autobiografía do autor, xa que coincide tanto o nome del coma o do protagonista e a mesma vila do protagonista, Xinzo de Limia, é a de Antón Riveiro Coello. O libro ten un comezo complexo, xa que un non é capaz de se situar en contexto até ler dous capítulos, unha vez collido o fío temático, a lectura faise amena e continua. En definitiva, o libro debrúzase por vivencias, sensacións e emocións da idade de ouro de calquera persoa, a súa xuventude. (**Adrián**)

11. ``Casas Baratas´´ de ANTON RIVEIRO COELLO quizais sexa un dos libros de lectura de galego que máis me gustaron este ano. É sinxelo, directo e moi ameno de ler. É como unha especie de diario no que Antón, un neno, conta a súa vida dende que chega ás chamadas ``casas baratas´´ ( unhas casas que hoxe chamaríamos de protección oficial) cunha idade de nove anos e todo o que lle sucede durante este tempo e toda a xente ``pintoresca´´ que o rodea ( dende un pintor de portas un tanto peculiar ata un traficante de bicicletas). Foi un libro que me gustou moito porque apesares de ser de relatos, todos están relacionados (todos teñen un personaxe común , Antón , e todos van máis ou menos ordenados no tempo; primeiro os da infancia despois os de xuventude). Gustoume ademais en que case tódolos relatos o final ven recollido nunha frase ao final que lle dá ao relato un chisco de humor. O que máis me gustou foi o do traficante de bicicletas e tamén o de verbenas. Finalmente é un libro que recomendo. (**Paloma**)

12. *Casas Baratas* é unha obra de relatos de Riveiro Coello. Nela Antón, o protagonista da historia, conta a evolución da súa vida. Describe o barrio onde vive, nun dos bloques das casas baratas onde viven nunhas boas condicións, xa que como o seu pai é carcereiro viviron durante dous anos no cárcere.Tamén fala dos veciños como Don Cipriano (un home de poucas palabras que enferma e abandona a súa casa coa compañía do seu irmán e o alcalde), o señor Medardo (o enterrador do barrio ... e a súa irmá Beneditina invita a Antón e aos seus pais a comer na súa casa ...), Benito o Roxo (un home que sempre andaba nunha bicicleta e que lle contou a Antón que coidaba tanto esa bicicleta porque lla regalara Mauricio, o portugues,para que puidera cruzar a fronteira ou O Pintor de pombas (un home descoñecido que chega ó barrio é fai murais e pinta en lugares públicos, e o pai de Antón lle axuda. Despois, mentres se vai facendo xa un homiño, conta as súas vivencias de temas de sexo e de rapazas e mozas que tivo. No último relato fala do seu avó materno ó cal lle tíña un amor e respecto enorme e ó cal admiraba. Xunto con "O sol do verán" este foi o libro que máis me gustou e co que máis gocei da lectura en galego.Ten un vocabulario doado e a súa lectura faise amena e interesante. (**Aldara**)

13. "Casas Baratas" é un libro de relatos nos que se tratan diferentes historias ordenadas por orde cronolóxica do protagonista, Antón. Nelas conta anécdotas e peripecias que lle ocorreron dende que era cativo até que casou e asistiu ao parto do seu fillo. A pesar de que os libros de relatos non son do meu gusto, este gustoume bastante porque as historias son entretidas e se contan de forma moi sinxela e amena, razóns polo que o recomendaría para ler. (**Tamara**)